 UNIVERSIDADE DE VIGO	PROCEDEMENTO PARA A DEFINIÇÃO E REVISIÓN DA POLÍTICA E OS OBTXECTIVOS DE CALIDADE	FACULTADE DE DEREITO	CODIF: IT01-PE01
---	--	-------------------------	----------------------------

POLÍTICA DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE)

Revisión a 27 de abril de 2011

O Equipo Decanal da Facultade de Dereito considera que a política de calidade constitúe un factor estratéxico para acadar que as competencias, habilidades e aptitudes dos seus egresados sexan recoñecidas polos empregadores e pola sociedade en xeral.

O Equipo Decanal da Facultade de Dereito dirixe os seus esforzos hacia a plena satisfacción das necesidades e expectativas razoables de tódolos os seus usuarios, tanto internos como externos. Para elo, sempre dentro do estricto cumprimento da legislación aplicable, comprométese a empregar tódolos recursos técnicos, económicos e humanos a súa disposición para:

- Proporcionar a formación continua axeitada aos seus empregados, procurando que éstos resposten de xeito satisfactorio ás necesidades dos usuarios.
- Establecer unha sistemática de actuación e proceder a súa documentación co obxecto de garantir a eficacia dos seus procesos.
- Acadar un compromiso permanente de mellora continua como norma de conducta, propoñendo e levando a cabo as accións correctivas e preventivas necesarias dentro do seu ámbito de competencias.
- Procurar que a Política de Calidade sexa entendida e aceptada por todo o persoal do Centro, atopándose ésta a súa disposición.
- Garantir o mantemento do Sistema de Garantía da Calidade mediante a súa suxeción a controles periódicos.


Como responsable do Centro, comprométome a desenvolver e facer efectiva a devandita política.

Ourense, 27 de abril de 2011




Miguel Ángel Michinel Álvarez

Decano da Facultade de Dereito

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	PROCEDEMENTO PARA A DEFINIÇÃO E REVISIÓN DA POLÍTICA E OS OBTXECTIVOS DE CALIDADE	FACULTADE DE DEREITO	CODIF: IT01-PE01
--	--	-------------------------	----------------------------


OBJECTIVOS DE CALIDADE

CRITERIO	OBJECTIVO	COMPROBACIÓN
Obxectivos dos Plans de Estudos	Potenciar a difusión entre o alumnado dos plans de estudos correspondentes a cada unha das titulacións do centro	Enquisas de satisfacción do alumnado de grao e posgraos ligadas ao SGIC (Ítem 1 del Indicador 74)
Políticas e procedementos de admisión	Potenciar a difusión da política e criterios de admisión, así como o perfil de entrada correspondentes a cada unha das titulacións do centro entre o alumnado.	Existencia dun documento público no que se especifique a política de admisión, debidamente aprobada e actualizada de cada unha das titulacións do centro
Planificación e Desenvolvemento do ensino	Sistematización do procedemento de seguimento e mellora de títulos consonte as directrices establecidas pola ACSUG	Informe de seguimento de títulos
	Obter unha valoración media superior a 3,5/7(ou equivalente) no Indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino das titulacións impartidas no centro	Análise de resultados das enquisas de satisfacción do alumnado de graos e posgraos ligadas ao SGIC (Indicador 74)
Satisfacción dos grupos de Interese	Mellorar o procedemento para a xestión de queixas e suxerencias, permitindo a obtención de valores cuantitativos anuais.	Aprobación e implantación do procedemento para a xestión de queixas e suxerencias.

	PROCEDIMENTO PARA A DEFINIÇÃO E REVISIÓN DA POLÍTICA E OS OBXECTIVOS DE CALIDADE	FACULTADE DE DEREITO	CODIF: IT01-PE01
--	---	-------------------------	----------------------------

CRITERIO	OBXECTIVO	COMPROBACIÓN
Accións para orientar ao estudante	Integración dos Másters no Plan de Acción Titorial do Centro	PAT 2011-2012
Persoal académico	Obter unha valoración media superior a 3,5/7(ou equivalente) no Indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado	Análise de enquisas de satisfacción do alumnado de grao e posgraos ligadas ao SGIC (Indicador 76)
Recursos e servizos	Obter unha valoración media superior a 3,5/7(ou equivalente) no Indicador relacionado co grao de satisfacción do PDI cos recursos de apoio ao ensino	Análise de enquisas de satisfacción do PDI de graos e posgraos (Indicador 80)
	Obter unha valoración media superior a 3,5/7(ou equivalente) no Indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado cos recursos de apoio ao ensino	Análise de enquisas de satisfacción do alumnado de graos e posgraos (Indicador 75)

Ourense, 27 de abril de 2011



Miguel Ángel Michinel Álvarez

Decano da Facultade de Dereito